

ANUNCIO

ÓRGANO: ALCALDÍA (Resolución 688/26)

DATA: 30.06.2026

APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO POLA ACTIVIDADE DA EXCURSIÓN A VILANOVA DE AROUSA E TALLER DE MARISQUEO LUDOVERAN 2026 - PROGRAMA CORRESPONSABLES

Artigo 1. Obxecto

De conformidade co establecido no artigo 41 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do Concello de Vedra, fíxase as contías do prezo público aplicable á excursión a Vilanova de Arousa e Taller de marisqueo Ludoverán 2026, que terá lugar o día 31 de xullo de 2026.

Artigo 2. Persoas obrigadas ao pagamento

Persoas proxenitoras ou titoras dos menores participantes da excursión e inscritos no programa de ludoverán que se beneficien dos servizos a que se refire o artigo anterior.

Artigo 3. Contía

A cantidade que se debe pagar en concepto de prezo público pola asistencia é de 10 euros por persoa.

Artigo 4. Normas de xestión

O pago do prezo público realizarase mediante domiciliación bancaria na conta indicada nas solicitudes de inscrición da Ludoteca de Verán 2026. Excepcionalmente poderá habilitarse outra forma de pagamento.

Artigo 5. Devolución de ingresos.

Procederá á devolución dos ingresos nos seguintes casos:

Por causas imputables ao concello, por non terse realizado a excursión.

Cando se acredite debidamente a imposibilidade de acudir por causa de enfermidade.

Artigo 6. Lexislación aplicable

En todo o non previsto no presente acordo estarase ao disposto no Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

Vedra, 01 de xullo de 2026

O Alcalde (documento asinado dixitalmente)